

O BARCO



DE VAPOR

María Menéndez-Ponte

Pupi e a aventura dos vaqueiros

Ilustracións de
Javier Andrada



smxerme

Dirección editorial: Elsa Aguiar
Coordinación editorial: Paloma Muiña
Tradución: Isabel Soto

© do texto: María Menéndez-Ponte, 2008
© das ilustracións: Javier Andrada, 2008
© Xerme Edicións, 2011
Rúa Anduriña, 1
36205 Vigo (Pontevedra)
www.grupo-sm.com

ATENCIÓN AO CLIENTE

Tel.: 902 121 323

Fax: 902 241 222

e-mail: clientes@grupo-sm.com

ISBN: 978-84-9854-275-2

Depósito legal: M-26641-2011

Impreso na UE / *Printed in EU*

Calquera forma de reprodución, distribución,
comunicación pública ou transformación desta obra
só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares,
agás excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO
(Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org)
se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

*A miña curmá Carmen,
cómplice de tantas tardes
de cine e flocos de millo*

Pupi, Nachete, Rosy e as xemelgas
foron xogar á casa de Coque.

Pupi está impresionado
pola cantidade de xoguetes
que ten, e é que Coque
é o neno máis consentido do mundo.





Cando vai ao supermercado,
súa mamá mércalle lambetadas,
ou unha bolsa de bólas de queixo
para que non se emperrenche.



Cando vai ao parque,
para diante da tenda de xoguetes
e súa avoa mércalle unha argallada nova
para que non se emperrenche.



E se comeza unha colección de cromos,
aos dous días xa completou o álbum,
porque a súa tía lle regala moreas de sobres
para que non se emperrenche.





Coque non aturaría que outro neno acabase a colección antes ca el.

Un dos xoguetes de Coque
que máis abraia a Pupi
é unha especie de monstro
de patas articuladas.

Pupi achégase a el, preme un botón e...
zas!, sae unha bala disparada.

–Mira, Nachete, un *pistosauro*!
–exclama Pupi, entusiasmado.



